



<i>Identificación del Registro y Funcionario</i> REGISTRO MARIA PITA MIAO		SELLO DE ENTRADA Fecha:21/11/2023 Número:78826  15030 A RMPE171OTM
<i>Código del Asiento</i> RMPE171OTM	<i>Fecha y Hora de Registro</i> 21/11/2023 10:22:43	

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS EN EL REGISTRO

FECHA, HORA Y NUMERO DE REGISTRO

21/11/2023 10:22:43 nº78826

EXTRACTO (Contenido del escrito)

**O GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PRESENTA ROGO ORAL A
RESPECTO DA PARALISE DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL**

INTERESADOS

**PRI: GRUPO MPAL.DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO <---> Plaza MARIA PITA, Nº1 , CP 15001 -
CORUÑA (A) - A CORUÑA**

DOCUMENTACIÓN APORTADA

**5E5W6O6L00375O4O0QTX - Solicitud general
Copia original**

Este justificante deberá ser presentado para obtener cualquier información sobre el escrito al que hace referencia.

LEYENDA: [F]Funcionario [N]Negociado [O]Otros [PRI]Principal [REP]Representante [SEC]Secundario

O Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, por iniciativa da súa concelleira Mercedes Queixas Zas, presenta o seguinte **rogo oral** para o vindeiro Pleno do Concello da Coruña a respecto da **parálise do Consello escolar municipal**.

Exposición de motivos

O pasado 11 de setembro comezou o curso escolar 2023-2024 e, como vén sendo práctica habitual, foron varios os centros educativos que manifestaron publicamente as consecuencias dos recortes nos investimentos públicos por parte da Consellería de Educación, nomeadamente a respecto da dotación de prazas de especialistas de educación especial, como por exemplo no CEIP María Barbeito ou no IES Ramón Menéndez Pidal.

Asemade, son notorias as deficiencias infraestruturais derivadas da falta de mantemento de colexios, cuxas edificacións son antigas e non dispoñen de espazos axeitados para o comedor escolar ou para a práctica deportiva como é o caso do CEIP María Pita.

Unha boa radiografía do estado dos centros educativos coruñeses compróbase nas propostas elevadas aos orzamentos participativos que, en moitos casos, é responsabilidade do Goberno Local.

Por todo isto non se entende como, transcorridos máis de dous meses de ter comezado o curso, non foi convocado aínda o Consello escolar municipal para poder exercer as súas competencias.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza o seguinte

Rogo

- Que o Goberno Local convoque o Consello escolar municipal para analizar a situación en que se achan os centros docentes da demarcación municipal e avaliar a planificación das actuacións necesarias para a mellora da calidade do ensino público na Coruña, quer sexan estas da súa competencia directa quer teñan que ser demandadas á Consellería de educación.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO – A CORUÑA

Praza de María Pita 1. 15001, A Coruña. – Rúa Damas 4, baixo. Cidade Vella, 15001, A Coruña

✉ bngacoruna@bng.gal – bng@coruna.gal – bngacorunha@gmail.com ☎ 981 184 283 – 669 381 398

🌐 acorunha.bng.gal – Twitter @BNGACorunha – Facebook BngACorunha – Instagram bngacorunha

Asemade, rogamos que se complete e actualice a información da web relativa ao Consello escolar municipal para o trasladar á cidadanía como un verdadeiro espazo de participación.

A Coruña, 20 de novembro de 2023



Mercedes Queixas Zas

Concelleira do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA